

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CINCO DE ABRIL DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Escusan asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día cinco de abril de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 393/11 de don Antonio Cao Andújar

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 60 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Xián, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts dende o eixe do estrada AC-241 e de 5,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e sete euros con trinta e tres céntimos (#37,33#)

2.2.- Instancia num. 446/11 de don Juan Torre Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en picar o encalado das paredes e encintado das fachadas , nunha superficie aproximada de 384 m2, situada en Outeiro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos doce euros con vinte céntimos (#212,20#)

2.3.- Instancia num. 407/11 de dona Lourdes B. Albor Calviño

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción de dunhas ramplas de acceso, colocando tubos na gábea , no lugar de Cornado.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400mm de diámetro; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con ters céntimos (#18,03#)

2.4.- Instancia num. 406/11 de don Arsenio Castro Blanco

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 72 m2 en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Albela de Arriba, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán

á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos



faldróns; de acordo co establecido na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deebí proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e nove euros con oitenta e seis céntimos (#39,86#)

2.5.- Instancia num. 263/11 de don Santiago Iglesias Carbajales

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 87 de concentración parcelaria de San Fins , situada en A Ferreira, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural e solo rústico de protección agropecuaria, en tres parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Brey.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#)

2.6.- Instancia num. 333/11 de don Manuel López Núñez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita a declaración de incursión en situación legal de fora de ordenación total para unha nave ubicada no lugar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón), nos termos da documentación que se acompaña firmada por Francisco Javier Bellet García, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total a nave existente sobre a parcela número 1066 do plano do acordo da concentración parcelaria de Sarandón, sita no lugar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón).

Esta declaración non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil cento setenta e catro euros con sesenta e un céntimos (#1.174,61#)

2.7.- Instancia num. 322/11 de dona María Pallas Carro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 683 de concentración parcelaria de Trobe, situada en Gatente, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Bellet García



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

2.8.- Instancia num. 467/11 de dona María del Carmen Gómez Sada

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na reposición de tellas nunha superficie aproximada de 130 m2, situada en San Gregorio, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma nin se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal corresponsdente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta eun euros con noventa e sete céntimos (#71,97#)

3º.- Acordo, se procede, sobre contrato do servizos de axuda no fogar

Visto que con data 25/01/2011 a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación dos servizos de axuda no fogar, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación

Visto que con data 02/02/2011 publicouse anuncio de licitación no BOP (Nº 22/11) e no Perfil do Contratante (www.dicoruna.es), presentándose en prazo as proposicións que constan no expediente

Visto que con data 28/03/2011 constituíuse a Mesa de Contratación, e á vista da valoración das propostas en función dos criterios establecidos na base 12 do prego de condicións técnicas, realizou proposta de adxudicación a favor de SOCYSER (COESCO-DEZA, S.L); examinada a documentación e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta feita pola Mesa de Contratación, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- 1.- SOCYSER, S.L (COESCO-DEZA, S.L): 21,35 puntos.
- 2.- UTE L´ONADA-FISS CORUÑA : 16,47 puntos.



- 3.- SERVICIOS Y MATERIALES, S.A: 12,50 puntos.
- 4.- MEULAR SERVICIOS ASISTENCIAIS, S.L.U: 11,43 puntos
- 5.- SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR, S.L: 5,83 puntos
- 6.- COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A: 1,58 puntos

Segundo.- Notificar e requerir a SOCYSER (COESCO-DEZA, S.L), licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte ao que reciba o requerimento, a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

B) De dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público

C) Resgardo de ter constituido a garantía definitiva (5% do importe : 15.389,09 euros)

4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía solicitando subvención á Consellería de Economía e Facenda

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de marzo do ano que andamos, que di:

“Vista a Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 22 de febreiro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia, cofinanciadas polo Feder, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (Código de procedemento IN223A) (DOG num. 43/11, do 3 de marzo)


Ó abeiro da mesma, e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar subvención para a *Construción dunha beirarrúa en O Castro*.

Segundo.- Aprobar a memoria redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez, cun orzamento de execución por contrata de vinte e oito mil trescentos vinte e tres euros con corenta e un céntimos (#28.323,41#) e o seguinte plan de financiamento:

DENOMINACIÓN PROXECTO DE INVESTIMENTO	ORZAMENTO	SOLICITADO Á XUNTA	ACHEGA MUNICIPAL
Contrución dunha beirarrúa en O Castro	28.323,41	21.242,56	7.080,85



A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada resolución

5.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2011.

5.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2011, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 24 de febreiro do ano que andamos.

Estudados os listados elaborados para o efecto, con base nos expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período e nas actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2011.

2º.- Remitir ao boletín oficial da provincia o edicto anunciando a súa exposición ao público para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

5.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2011, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 24 de febreiro do ano que andamos.

Estudados os listados elaborados para o efecto, con base nos expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período e nas actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2011.

2º.- Remitir ao boletín oficial da provincia o edicto anunciando a súa exposición ao público para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de marzo do ano que andamos, pola que se acorda o arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto de dona Rosalía Ferreiro Barreiro en calidade de propietaria da parcela obxecto do expediente, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de marzo do ano que andamos, pola que se lle comunica a don Manuel Mourentán Castro que no prazo de un mes deberá proceder á limpeza de parcela sita en Ponte Ulla, ao carón do campo da festa, que se atopa invadida de maleza e en estado de abandono

A Xunta de Goberno dáse por enterada



6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de marzo do ano que andamos, pola que se lle recoñece a dona Patricia Iglesias Ares o 1º trienio, con data 01/04/2011.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de marzo do ano que andamos, pola que en relación coa situación na que se atopa a parcela e a edificación ubicada sobre da mesma, con referencia catastral 001301800NH43F0001W1, da que figura como propietario don Daniel Goldar Beiras e outro titular, ubicada en Pazos -Santa Cruz de Ribadulla, acorda incoar expediente para a imposición de multas coercitivas por importe de trescentos (#300,00#) euros reiterables mensualmente ata lograr o cumprimento da orde de execución

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de marzo do ano que andamos, pola que vista a proposta do Tribunal cualificador, noméase a don José Ramón Chas Bao como administrativo encargado de bibliotecas e arquivo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos

7.1.- Acordo de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística

Dáse conta da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 14 de setembro de 2010 (DOG num. 182/10, do 21 de setembro), pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística, que é unha asociación voluntaria dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, cuxa finalidade é congrega as actuacións dinamizadoras das institucións con competencia na promoción do uso do galego no ámbito local.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Adherirse á citada Rede de Dinamización Lingüística

Segundo.- Designar como representantes políticos na citada rede a don Odón C. Cobas García (titular) e dona Lucía González Louro (suplente) e a don José Ramón Chas Bao como representante técnico.

7.2.- Solicitud de subvención para a promoción da lingua galega

Dáse conta da Orde do 4 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para a dinamización lingüística e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada convocatoria.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos



